

Pantón perde máis de 100.000 euros do AGADER por non presentar as súas contas ante o Consello de Contas

Así se desprende da resolución emitida este luns polo organismo autonómico e que demostra que este é o único municipio da Zona Sur que non se vai a ver beneficiado destas axudas, destinadas á mellora de vías de titularidade municipal en 12 núcleos de poboación

Para os socialistas esta resolución “volve a poñer sobre o tapete o desastroso traballo e a inutilidade do Goberno do Partido Popular, que condena aos cidadáns a perder este diñeiro e a mandar ao lixo varios proxectos para a mellora de accesos e infraestruturas que precisan”

Dado que todos os concellos de Galicia están obrigados a render contas anualmente ante este órgano fiscalizador independente, “é unha mágoa que o noso alcalde se salte á toureira estas directrices e que pola súa incapacidade perdamos esta elevada cantidade de diñeiro. Cremos que ten que dar explicacións públicas desta xestión tan nefasta”, afirman

PANTÓN, 1 DE ABRIL DE 2015.- O concello de Pantón vén de perder máis de 100.000 euros das subvencións que concede a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) debido a que a entidade local non presentou as súas contas ante o Consello de Contas. Así se desprende da resolución emitida este luns polo organismo autonómico e que demostra que este é o único municipio da Zona Sur que non se vai a ver beneficiado destas axudas axudas, destinadas á mellora de infraestruturas de titularidade municipal.

Para os socialistas, esta resolución “volve a poñer sobre o tapete o desastroso traballo e a inutilidade do Goberno do Partido Popular, que condena aos cidadáns a perder este diñeiro e a mandar ao lixo varios proxectos para a mellora de accesos e infraestruturas que precisan”.

“Nin tan sequera son capaces de captar fondos do Goberno amigo da Xunta”, lamentan. Por iso, afirman, “o colmo da súa deplorable xestión é que se perdan as cousas boas que aportan outras institucións, sobre todo, cando o teñen todo ao seu favor”.

“Completo naufraxio”

Deste xeito, a entidade local perdeu máis de 15 millóns das antigas pesetas porque a xestión económica do PP “é un completo naufraxio”. Isto provocará que as actuacións que estaban proxectadas para doce núcleos rurais non se poidan levar a cabo. Concretamente, as peticións realizadas polo concello, e que se fan acometer con cargo a estas axudas do AGADER, incluían o mantemento de vías de titularidade municipal das localidades de Rodíz, Castellón, Espasantes, Deade, Vilamelle, Mañente, Frontón, Rigueiro, Atán, Cimadevila, Pontón e Galegos.

“Incapacidade do alcalde”

Todas as entidades locais de Galicia están obrigadas a render contas anualmente ante este órgano fiscalizador independente. O Consello de Contas, encargado de examinar a xestión económica das administracións galegas, establece uns prazos para que os concellos cumpran con este trámite. Dende 2011 cada vez son menos os incumpridores. O motivo, débese á introdución da modificación legal que impide conceder subvencións ás entidades locais que non rendan ante o citado órgano fiscalizador.

“É unha mágoa que o noso alcalde se salte á toureira estas directrices e que pola súa incapacidade perdamos esta cantidade de diñeiro para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Trátase de ter vontade política e persoal pero, polo que vemos, o Goberno do Partido Popular nin a ten, nin a vai ter. Cremos que ten que dar explicacións públicas desta xestión tan nefasta pero, sobre todo, cremos que ten que dicirlles aos cidadáns os motivos polos que perdeu estes fondos. Xa non vale agocharse ou poñer falsas escusas. En todo isto hai un responsable, e ese é o alcalde e os seu concelleiros, nin máis nin menos. O único que conseguen é levar a Pantón a un empobrecemento absoluto”, conclúen dende o grupo municipal do PSOE.